
FUNDACIÓN

UNIVERSIDADE DE VIGO

M
E
M
O
R
I
A

A
C
T
I
V
I
D
A
D
E
S

Xaneiro-decembro
2014

1. PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES	3
1.1. <i>NORMATIVA DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS</i>	3
PROCEDIMIENTO DE XESTIÓN	3
1.2. MODALIDADES DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES.....	4
1.3 CLASIFICACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS 2014 POR ÁMBITO, CAMPUS E SEXO	5
1.4 CLASIFICACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS 2014-COMPARATIVA ANUAL	6
1.5 PROCEDIMIENTO DA 3ª CONVOCATORIA DO PROGRAMA “BECAS SANTANDER CRUE CEPYME PRÁCTICAS EN EMPRESA”	8
1.5.1 <i>PROCESO DE XESTIÓN DA BOLSA</i>	8
1.5.2 <i>PROCESO DE ADXUDICACIÓN</i>	8
1.5.3 <i>ANÁLISE COMPARATIVA DAS CONVOCATORIAS DO PROGRAMA “Becas SANTANDER CRUE CEPYME Prácticas en Empresa”</i>	9
2. FORMACIÓN	10
2.1. INTRODUCCIÓN	10
2.2. ACTIVIDADES: TALLERES DE EMPREGO E EMPRENDEMENTO.....	10
2.2.1. <i>TALLERES DE EMPREGO</i>	10
2.2.2. <i>TALLERES DE EMPRENDEMENTO</i>	11
3. EMPRENDEMENTO	12
3.1. INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE BASE TECNOLÓXICA.....	12
3.2. PROXECTO INCUVI	14
4. CENTRO DE LINGUAS	16
4.1. INTRODUCCIÓN	16
4.2. CURSOS E EXAMES	18
4.2.1. <i>CLASIFICACIÓN E NÚMERO DE CURSOS POR IDIOMAS</i>	18
4.2.2. <i>CONVOCATORIAS DE EXAMES DE ACREDITACIÓN E ACCESO LIBRE</i>	18
4.3 DATOS DE MATRÍCULA.....	19
4.3.1 <i>MATRÍCULA ANUAL POR CUADRIMESTRE E ACREDITACIÓN 2014</i>	19
4.3.2 <i>COMPARATIVA 2013-2014 DE MATRÍCULA E ACREDITACIÓN</i>	19
5. COMUNICACIÓN	20
5.1. INTRODUCCIÓN	20
5.2. RESUMO DE PUBLICACIÓN.....	21
.....	21
6. PROXECTO PROMOCIÓN E COOPERACIÓN INTERNACIONAL	22

1. PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES

A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO É A ENTIDADE XESTORA DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

1.1. NORMATIVA DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

- *Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.*
- *Normativa de prácticas académicas externas da Univesidade de Vigo*

PROCEDEMENTO DE XESTIÓN

- Asesoramento e información a empresas e institucións.
- Xestión da sinatura de Convenios de Cooperación Educativa con empresas e entidades para a realización de prácticas académicas externas, de acordo co modelo estándar aprobado en Consello de Goberno da Universidade de Vigo.
- Convocatoria pública da práctica.
- Preselección de candidatos/as que cumpren os requisitos establecidos na convocatoria e na normativa vixente.
- Selección do estudante pola empresa ou institución.
- Xestión da documentación de formalización da práctica
- Xestión documental das avaliacións da práctica (estudante, titor da entidade colaboradora e titor académico).
- Arquivo da documentación.

1.2. MODALIDADES DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES

1. Prácticas académicas externas extracurriculares en empresas e institucións con percepción de bolsa.

2. Prácticas académicas externas extracurriculares non remuneradas. Poden ser non remuneradas nos seguintes casos:

- Administracións públicas (duración máxima da práctica 3 meses)
- Organismos sen ánimo de lucro (duración máxima da práctica 3 meses)
- Empresas/entidades (duración da práctica non superior a 240 horas)

TOTAL PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES REALIZADAS: 1160

Nº total de prácticas: 1160


Nº prácticas remuneradas: 348

Nº prácticas non remuneradas: 812

CONVENIOS DE COOPERACIÓN EDUCATIVA XESTIONADOS EN 2014: 482 CONVENIOS


1.3 CLASIFICACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS 2014 POR ÁMBITOS, CAMPUS, SEXO

Nº Bolseiros por ámbito




Ámbitos	Nº Bolseiros
Arte e Humanidades	46
Ciencias da Saúde	36
Científico	105
Tecnolóxico	402
Xurídico-Social	571
TOTAL	1160

Nº Bolseiros por campus




Campus	Nº Bolseiros
Campus de Vigo	831
Campus de Pontevedra	78
Campus de Ourense	251
TOTAL	1160

Nº Bolseiros por sexo




Sexo	Nº Bolseiros
Homes	493
Mulleres	667
TOTAL	1160

1.4 CLASIFICACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS 2014. COMPARATIVA ANUAL.



Ámbitos	Nº de bolsseiros			
	2011	2012	2013	2014
Artes e Humanidades	39	59	61	46
Ciências da saúde	0	2	27	36
Científico	83	110	153	105
Tecnológico	346	298	347	402
Jurídico-Social	198	401	535	571
TOTAL	666	870	1123	1160



Campus	Nº de bolseiros			
	2011	2012	2013	2014
Campus de Vigo	593	593	767	831
Campus de Pontevedra	56	151	151	78
Campus de Ourense	17	126	205	251
<i>TOTAL</i>	<i>666</i>	<i>870</i>	<i>1123</i>	<i>1160</i>

1.5. PROCEDEMENTO DA 3ª CONVOCATORIA DO PROGRAMA "BECAS SANTANDER CRUE CEPYME PRÁCTICAS EN EMPRESA"

O programa está dirixido a estudantes de grao e de máster das universidades españolas para que realicen prácticas formativas nunha peme ou microempresa durante tres meses. Requisitos:

- a. Estar matriculado en calquera ensino oficial ou propio de grao e máster impartido pola Universidade ou aqueles que, cumprindo cos mesmos requisitos, en virtude de programas de mobilidade académica ou convenios, se atopan cursando estudos na mesma.
- b. Que se atopen preferentemente na segunda metade do plan de estudos.
- c. Que non manteñan relación contractual algunha coa empresa, institución ou entidade ou coa propia Universidade.
- d. Que non participaran con anterioridade como alumno receptor da beca

Á Universidade de Vigo ten adxudicadas 118 bolsas, cun custe total da bolsa de 1800 €.

1.5.1 PROCESO DE XESTIÓN DA BOLSA

O programa desenvólvese principalmente nas seguintes fases: realización e difusión da convocatoria; recepción da documentación; revisión do cumprimento de requisitos do programa; remisión de candidatos/as ás empresas de acordo cos criterios establecidos; formalización da práctica; seguimento e control do cumprimento do programa.

1.5.2 PROCESO DE ADXUDICACIÓN

Nº empresas inscritas: 277 empresas.

Nº de alumnos/as inscritos: 1157 alumnos

Clasificación por domicilio das empresas inscritas e lugar de estudos:

	PONTEVEDRA	OURENSE	OUTRAS	TOTAL
EMPRESAS	201	73	3	277
ALUMNOS	810	258	89	1157

1. Selección das ofertas recibidas, criterios de selección:
 - Ofertas de empresas que adquiriran o compromiso de prorrogar a práctica do estudante outros 3 meses asumindo o pago da axuda económica correspondente á ampliación do prazo.
 - Ofertas de empresas que solicitasen titulacións pouco demandadas.
 - Empresas colaboradoras coa Universidade de Vigo.
2. Selección de candidatos/as, criterios:
 - Adecuación dos candidatos ao perfil de estudos da oferta.
3. Selección das ofertas recibidas, criterios de selección:
 - Ofertas de empresas que adquiriran o compromiso de prorrogar a práctica do estudante outros 3 meses asumindo o pago da axuda económica correspondente á ampliación do prazo.

- Ofertas de empresas que solicitasen titulacións pouco demandas.
 - Empresas colaboradoras coa Universidade de Vigo.
4. Selección de candidatos/as, criterios:
 - Adecuación dos candidatos ao perfil de estudos da oferta.
 - Nota media de expediente.
 - Preferencia dos/as estudantes que non realizaron anteriormente unha práctica académica externa extracurricular.
 5. As empresas seleccionan ao/á estudante.
 6. Formalización da documentación da práctica.


1.5.3 ANÁLISE COMPARATIVA DAS CONVOCATORIAS DO PROGRAMA “BECAS SANTANDER CRUE CEPYME PRÁCTICAS EN EMPRESA”

➤ NÚMERO DE BOLSAS CONCEDIDAS

	Nº DE BOLSAS
1ª CONVOCATORIA	64
2ª CONVOCATORIA	118
3ª CONVOCATORIA	118

➤ NÚMERO DE EMPRESAS E ALUMNOS INSCRITOS

	EMPRESAS E ALUMNOS INSCRITOS		
	1ª CONVOCATORIA	2ª CONVOCATORIA	3ª CONVOCATORIA
EMPRESAS	102	193	277
ALUMNOS	605	1439	1157



2. FORMACIÓN

2.1. INTRODUCCIÓN

A Fundación Universidade de Vigo durante o ano 2014 levou a cabo actividades formativas relacionadas co emprego e emprendemento, desenvolvéronse talleres de busca activa de emprego e competencias transversais enfocados a estudantes de último ano de carreira e talleres de apoio ao emprendemento.

Así mesmo a FUVI colaborou activamente na organización de eventos e conferencias coa Área de Emprego da Universidade de Vigo.

2.2. ACTIVIDADES: TALLERES DE EMPREGO E EMPRENDEMENTO

Actividade realizada en colaboración co Consello Social

2.2.1. TALLERES DE EMPREGO

Os talleres impartidos en 2014 foron 7. O seu enfoque é eminentemente práctico co obxectivo de que o alumnado traballe as técnicas e as competencias claves para a procura de emprego.

Nestas xornadas ofrecéronse as ferramentas necesarias para facilitar a busca de emprego, traballouse con tests de personalidade, dinámicas de grupo, actividades de desenvolvemento persoal, revisión personalizada dos currículos dos participantes, aportouse información de sectores empresariais, webs e portais de emprego de interese, e estratexias para a óptima utilización dos seus perfís en redes sociais profesionais.

➤ Programa dos obradoiros impartidos:

Obradoiro 1: Competencias clave para a busca de emprego. (4 horas). Intelixencia emocional: achegamento. Coñézome ben?: o autoconceito e a autoestima. Adestramento das habilidades sociais: liderado, asertividade, toma de decisións, traballo en equipo, negociación.

Obradoiro 2: Realización do CV, carta de presentación, por onde comezo a busca (3 horas)

Ferramentas para a procura de emprego: elaboración do currículo e a carta de presentación.

O proceso de procura de emprego: candidatura espontánea, candidatura a ofertas de traballo, como situarse no mercado laboral.

Obradoiro 3: O proceso de selección: entrevista de traballo e probas selectivas (3 horas). Fases dun proceso de selección nas empresas, probas psicotécnicas, simulacro de entrevista cn responsable dun departamento de RRHH. O que se pretende que os alumno teñan de primeira man a experiencia de estar en contacto coa persoa responsable de selección dunha empresa so sector ao que se dirixen.

2.2.2. TALLERES DE EMPRENDEMENTO

Os obradoiros de emprendemento impartidos teñen como obxectivo principal chegar ao estudantado os conceptos básicos do emprendemento e facilitar ferramentas para avaliar o seu potencial emprendedor e fomentar a súa creatividade, habilidades ambas necesarias de cara o emprego e/ou autoemprego.

Contido do programa impartido “Vitaminas para o emprendemento”:

VITAMINA 1. AS PERSOAS: Teño espírito emprendedor?. Competencias emprendedoras e creatividade.

VITAMINA 2. AS IDEAS: “Xeración e maduración de ideas empresariais: Ferramentas para a creatividade”

VITAMINA 3 O PLAN: “Un ladrillo?: O plan de empresa”. Modelos para o plan de negocio: Modelos tradicionais, Business Model Canvas, Lean Startup, Visual Thinking e LEGO Serious Play.

Por outra banda, a Fundación realizou distintas actividades de difusión do programa Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica (IEBTs) da Xunta de Galicia.

3. EMPRENDEMENTO

3.1. INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE BASE TECNOLÓXICA

A Fundación Universidade de Vigo conta con persoal técnico especializado no programa de axudas ás Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica (IEBT's) da Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia. No marco deste programa préstase apoio e asesoramento técnico aos promotores na realización do plan de empresa e o plan económico-financeiro; apoio na posta en marcha dos proxectos e na tramitación dos expedientes de solicitude de cualificación a través da verificación da documentación presentada; e elabórase o informe técnico do proxecto para o Comité de IEBT's e participase no mesmo como consultor.

Nos Comités de IEBT's convocados en 2014, foron presentados ao programa de axudas 9 proxectos, dos que 7 foron aprobados e 2 quedaron pendentes de avaliación. Por outra banda, hai dous proxectos en estudo, pendentes de ser presentados.

Estatísticas de asesoramento para a participación no programa lebt's:

Total proxectos asesorados	19
Proxectos asesorados e que solicitaron a cualificación coma lebt	9
Proxectos cualificados coma lebt	7
Proxectos pendentes de cualificación	2
Proxectos en estudo	2
Outras consultas atendidas	43

O asesoramento realizado, foi principalmente respecto á viabilidade da idea empresarial, as formas xurídicas e trámites de constitución, requisitos e trámites das axudas para IEBTs, e a xustificación económica da axuda para IEBTs xa cualificadas.

Cabe salientar que dos 7 proxectos cualificados, 6 foron no Campus de Vigo e 1 no campus de Ourense.

A continuación incluimos a información relativa ás estatísticas dos proxectos cualificados:

Emprego potencial a xerar polas empresas cualificadas:

Emprego potencial a xerar polas lebts	
Promotores	20
Previsión emprego xerado ao remate do segundo ano.	22
Total	42

Proxectos lebts cualificados por sectores de actividade:

Nºde proxectos (total 7 cualificados)	
<i>TICS</i>	5
<i>Comercio ao por maior</i>	1
<i>Consultaría técnica</i>	1

As lebts cualificadas pertencen na súa maioría ao sector das Tecnoloxías da Información e Comunicacions, sendo os promotores na súa maioría de enxeñarías.

3.2. PROXECTO INCUVI

Para fomentar o espírito emprendedor no colectivo universitario, a **Universidade de Vigo**, a **Cidade Universitaria** e a **Fundación Universidade de Vigo** convocaron, en novembro de 2013, a 3ª Edición dos premios INCUVI-Emprende.

INCUVI é unha incubadora da Universidade de Vigo de iniciativas empresariais de base tecnolóxica e de coñecemento no que se premian ás ideas emprendedoras dos estudantes ou egrexados da Universidade de Vigo cunha estadía gratuíta.

Os obxectivos principais deste programa son os seguintes: favorecer o nacemento e consolidación de novas empresas innovadoras; potenciar a xeración de emprego xuvenil e as capacidades de autoemprego; apoiar a actividade de formación e difusión dos proxectos instalados na preincubadora; e dinamizar a estrutura produtiva local, favorecendo a instalación de empresas de carácter innovador e o traballo en rede.

Nesta edición, ofertáronse 8 premios para as ideas emprendedoras consistentes nunha subvención dos custes de estadía por un período máximo dun ano nun dos espazos da preincubadora de negocios INCUVI. Tamén tiveron a súa disposición, un equipo de asesoramento xurídico-empresarial e un programa formativo integrado por distintos obradoiros e conferencias impartidas por profesionais de distintos sectores empresariais.

Todo elo baixo a intención de que maduren os seus proxectos empresariais e, finalmente, acaben formalizando a constitución das súas empresas.

Nesta 3ª edición dos premios INCUVI-Emprende presentáronse un total de 26 proxectos empresariais.

<i>Convocatoria</i>	<i>Proxectos presentados</i>
2011-2012	23
2012-2013	31
2013-2014	26

Dos 26 proxectos que se presentaron na convocatoria 2013-2014 8 foron os proxectos seleccionados (6 do campus de Vigo e 2 do campus de Pontevedra):

Proxectos INCUVI-Emprende 2013-2014

Campus de Vigo:

- STUCKERS. Buscador de aloxamento para xente nova.
- LA PARISIENNE. Venta de café en espazos públicos.
- INNERGIUM. Optimización de custes enerxéticos mediante Enxeñería enerxética avanzada.
- VERMI COMPOSTAJE. Obtención de fertilizante e semente a partir do bagazo de uva.
- ESPCAM. Consultaría orientada a mellorar os resultados de exportacións das pequenas e medianas empresas.
- AUDIOBEESUAL. Divulgación científica como ferramenta bidireccional.

Campus de Pontevedra:

- MUEVE TU VIDA. Aplicación dirixida a persoas diabéticas co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida asesorándoo no referente a exercicio, nutrición e saúde.
- PROYECTO DE FORMACIÓN ONLINE. Formación on-line no ámbito medioambiental e asesoría a empresas neste campo.

A Fundación Universidade de Vigo levou a cabo accións de asesoramento individualizado e formación aos gañadores dos premios INCUVI - Emprende ademais da colaboración coa Área de Emprego da Universidade de Vigo na organización de 9 accións formativas.

A formación e titorización dos proxectos INCUVI contou co apoio do Consello Social, COITI VIGO e a Asociación de Enxeñeiros de Galicia.

4. CENTRO DE LINGUAS

4.1. INTRODUCCIÓN

Os cursos do Centro de Linguas adáptanse ás directrices do Consello Europeo en materia de niveis de lingua e procedementos de avaliación, segundo especificase no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER). Os certificados de acreditación de nivel adecúanse polo tanto, ao estándar de recoñecemento internacional.

No Centro de Linguas impártense cursos cuatrimestrais e intensivos de verán dos seguintes idiomas: alemán, árabe, chinés, español para estranxeiros, francés, inglés, italiano, lingua de signos española, portugués, persa e ruso. Á súa vez, ofrécense cursos específicos de conversa, preparación de exames oficiais (DELE, Cambridge), de Metodoloxía do ensino do Español como Lingua estranxeira, de lingua para fins específicos (enxeñaría, entidades) aos que se engaden cursos con características especiais requiridos por diversas institucións académicas e profesionais.

A docencia impártese no tres Campus da Universidade de Vigo: Vigo, Pontevedra e Ourense e en distintas facultades e centros asociados á Universidade.

O Centro é membro da Asociación de Centros de Linguas en Ensino Superior (ACLES) e de CERCLES (European Confederation of Language Centres in Higher Education).

O Centro de Linguas realiza exames de acreditación de nivel B1, B2 e C1 co aval de ACLES (recoñecido por CERCLES) e a CRUE. O nivel B1 pódense realizar para os seguintes idiomas: alemán, español, francés e inglés; nivel B2 e C1 en inglés. Ademais en 2014 o Ministerio de Educación e cultura recoñece os exames ACLES para as becas Erasmus+.

Tamén é centro examinador do IELTS (International English Language Testing System) que é o principal exame de lingua inglesa a nivel mundial, no que as persoas candidatas examínanse das catro destrezas da lingua.

Así mesmo, o centro é sede examinadora oficial das probas de español do Instituto Cervantes: DELE (Diploma de Español como Lingua Estranxeira) e impártese o Curso de Iniciación a Docencia do Español como Lingua Estranxeira (avalado polo Instituto Cervantes)

O Centro de Linguas realiza tamén exames de acreditación de competencias lingüísticas, específicos para a comunidade universitaria (para alumnos/as que desexen participar nun programa de intercambio de acordo co Vicerreitorado de Relacións Internacionais, ou para alumnado de posgrao que necesita acreditar un determinado nivel de competencia lingüística) e tamén para o público en xeral. Destacar neste apartado o exame de acreditación HELA para a impartición de docencia en inglés realizada ao profesorado da Universidade de Vigo.

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos de libre elección (das licenciaturas) ou ECTS (dos graos) da Universidade de Vigo, sempre que se cursen idiomas que non formen parte do plan de estudos do estudante.

Desde o ano 2013 O CdL é centro examinador de TOEFL (Test of English as a Foreign Language) e en outubro de 2014 acadou o selo de Cambridge como centro preparador de exames.

Destacar así mesmo a posta en marcha no verán de 2014 do program ISEP summer programs dentro do marco ISEP Direct. Trátase dun programa de 6 semanas de duración que inclúe metodoloxía do español, prácticas e clases de lingua e cultura española.

4.2. CURSOS E EXAMES

- **IDIOMAS NOS QUE SE IMPARTEN CURSOS**

Alemán, Chinés, Español para estranxeiros, Francés, Inglés, Italiano, Linguaxe de Signos Española, Persa, Portugués e Ruso

4.2.1. CLASIFICACIÓN E NÚMERO DE CURSOS POR IDIOMAS

NÚMERO DE CURSOS REALIZADOS NOS TRES CAMPUS		
Cursos	2013	2014
Inglés	93	111
Alemán	25	16
Francés	15	10
Portugués	17	13
Español	43	34
Outras Linguas	13	9
TOTAL	206	193

4.2.2. CONVOCATORIAS DE EXAMES DE ACREDITACIÓN E ACCESO LIBRE

EXAMES ACREDITACIÓN E ACCESO LIBRE	NÚMERO
CertAcles- Inglés (B1,B2,C1)	3 (1 en 3 campus)
CertAcles Francés (B1)	3 (1 en 3 campus)
CertAcles Alemán (B1)	2
Exames acceso libre (Inglés, Francés, Alemán e Portugués)	2
DELE	2
HELA	5
TOEFL	5
TOTAL	22


4.3 DATOS DE MATRÍCULA

4.3.1 MATRÍCULA ANUAL POR CUADRIMESTRE E ACREDITACIONES 2014

Total Alumnos/as	2014			
	1° C	2° C	Verán	Acreditacións
	1.176	977	506	632

4.3.2 COMPARATIVA 2013-2014 DE MATRÍCULA E ACREDITACIONES

Alumnos cursos cuatrimestrais	2013				2014			
	1° C	2° C	Verán	Acreditacións	1° C	2° C	Verán	Acreditacións
Total cursos por cuatrimestre	1.146	1.113	696	727	1.176	977	506	632



5. COMUNICACIÓN

5.1. INTRODUCCIÓN

A UVIGO encarga á FUVI a xestión e desenvolvemento do programa de comunicación e difusión de actividades da Universidade.

As funcións obxecto do encargo concrépanse na execución por parte da FUVI das seguintes actividades:


1. Redacción e mantemento do Diario Electrónico da Universidade (DUVI)
2. Coordinar, convocar e facer o seguimento de actos, presentacións e roldas de prensa.
3. Deseño, redacción, elaboración de dossier, e de todos aqueles materiais e documentos, para calquera tipo de soporte, necesarios para desenvolver o traballo de comunicación.
4. Atender a demanda e tramitar as peticións de información de medios especializados e de comunicación e daqueles outros medios e entidades que requiran un traballo de comunicación das actuacións da UVIGO.
5. Elaboración de dossier diario de prensa, cronogramas, plans de medios, e aquelas outras actividades necesarias.

Seguimento da actividade, elaboración de memorias e informes periódicos que reflictan a actividade do servizo


5.2. RESUMO DE PUBLICACIÓNS

Publicacións totais no 2014: 1318

Publicacións totais por campus no 2014.



Publicacións totais por temas no 2014.



Comparativa de publicacións por Campus 2013-2014

	2013	2014
C. Ourense	369	324
C. Pontevedra	198	332
C. Vigo	548	565
Total	1115	1221

6. PROXECTO PROMOCIÓN E COOPERACIÓN INTERNACIONAL

Iníciase o programa neste período, desenvolvéndose principalmente actividades arredor dos seguintes eixos:

1. Coñecemento e identificación dos puntos fortes.
2. Contactos con entidades que operan no ámbito europeo e posibles socios de proxectos.
3. Asistencia e recompilación de información de distintas convocatorias de interese en Bruxelas. Traslado da mesma aos departamentos correspondentes da Universidade.
4. Vixilancia tecnolóxica e traslado de información.

Liñas de traballo iniciadas:

Contactos con entidades que operan no ámbito europeo e posibles socios de proxectos

Asistencia á presentación de proxectos europeos, información de convocatorias, coa elaboración e remisión de informes dos seguintes eventos:

- 3 Info Days, presentación de proxectos pola Comisión Europea
- 3 Conferencias sobre programas ou proxectos europeos
- 3 Brokerage Event. Presentación de proposta para a busca de posibles socios

Accións de promoción, facilitando a difusión da información referente ás distintas convocatorias dos programas de financiamento europeos

Accións de seguimento, para achegar aos grupos as oportunidades de negocio dentro dos programas, coa intención de orientar as liñas de investigación futuras, latentes e/ou emerxentes

Actividades de vixilancia tecnolóxica, proporcionando a información axeitada aos intereses dos grupos no tempo e forma.

Identificación de *topics* de interese para a UVigo. Elaboración de fichas con propostas de liñas de traballo, remitidas para a súa difusión

Acompañamento a grupos na identificación de socios e redes potenciais, de cara a facilitar a identificación e integración de grupos con liñas de investigación emerxente.